

A poeta Marta Dacosta representará a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) no programa Readings from the periphery e mais no Festival Isla 2014

XG XG Jueves, 16 Octubre, 2014 - 01:18

Xornal de Galicia

Coa presenza da autora en Irlanda remata por este ano o ciclo de Escritoras/es nos Centros de Estudos Galegos, que conta co apoio da Secretaría xeral de Política Lingüística

(A Coruña, 16 de outubro de 2014) A estadia de Marta Dacosta en Irlanda comezará mañá, venres 17 de outubro, en Cork, no Centro de Estudos Galegos de Irlanda, que xunto co Departamento de español, portugués e estudos americanos latinos da Universidade de Cork, organizan o encontro Readings from the periphery, que reúne escritores de Euskadi e Galiza para falar da importancia de escribir hoxe en día nas chamadas linguas minoritarias. A xornada comezará con dous seminarios sobre aspectos diferentes das literaturas vasca e galega contemporáneas. A intervención de Marta Dacosta, con título "Pegadas de Rosalía. Como recibimos e administramos esta herdanza?", tratará as seguintes cuestións:

En 1863 Rosalía de Castro, a principal autora galega contemporánea, publicou a primeira obra integramente escrita en galego. Pasados 150 anos a poesía na nosa lingua é un feito normal?

Ela foi unha adiantada ao seu tempo, chegou verbalizar 64 anos antes cá Virginia Woolf as dificultades das mulleres escritoras. Como son as voces femininas na poesía galega actual?

En tempo de Rosalía, as/os autores ideaban fórmulas que asegurasen a publicación das súas obras. E hoxe? Cómpre botar man de fórmulas diferentes ás canles editoriais tradicionais?

A continuación realizarase un seminario sobre literatura vasca con Harkaitz Cano: A literatura vasca: un mapa das marxes, ao que seguirá unha lectura de poemas en galego e éuscaro cos poetas Marta Dacosta, Harkaitz Cano e Isaac Xubín na Biblioteca Central de Cork.

O sábado 18 Marta Dacosta desprazarase a Dublín para participar no Festival ISLA, organizado polo Instituto Cervantes daquela cidade. A autora estará presente na mesa redonda "A palabra imprecisa" cunha intervención que, partindo do poema Neste lugar do mundonos achegará á relación da escritora coa lingua, analizando brevemente a situación do idioma neste inicio de século, e como isto inflúe na nosa literatura. Despois compartirá o recital "Lemos poesía", presentado por Bill Richardson (NUI Galway) e acompañada dos escritoras Harkaitz Cano (Euskadi), Waldo Rojas (Chile), Mary O'Malley (Irlanda), Anamaría Crowe Serrano (Irlanda) e Antonio Rivero Taravillo (España).